

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FILLOS DE OURENSE (FUNDAOURENSE) DE VENEZUELA PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Fillos de Ourense – FUNDAOURENSE - de Venezuela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación Fillos de Ourense (FUNDAOURENSE) co fin de contribuír ao financiamento dos servizos de residencia e/ou de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ás persoas de orixe galega residentes en Venezuela que, por razóns de idade, marxinación, carencia ou de dependencia, se atopan en situación de necesidade e ás que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: FUNDAOURENSE é unha entidade xurídica civil sen fin de lucro, de carácter esencialmente benéfico, médico, de asistencia e protección social, radicada en Caracas, que exerce a súa actividade en todo o territorio da República Bolivariana de Venezuela, e ten como obxectivos primordiais, entre outros, a protección á infancia, ás persoas anciás e a solución de problemas sociais.

Na actualidade esta fundación está a desenvolver un importante labor socio asistencial orientado á atención a persoas en situacións extremas de marxinación, de pobreza ou de abandono, destacando a busca, a través dun grupo de voluntariado, de persoas de orixe galega que poden atoparse nesa situación, tanto na rúa coma en institucións públicas, hospitais, residencias, fogares, etc., ás que lles presta axuda alimenticia, produtos de hixiene, consulta médica, medicinas, roupa ou simplemente compañía, no caso de persoas maiores con falta de protección familiar.

En Venezuela existe un número moi importante de persoas emigrantes españolas de orixe galega con necesidades urxentes de atención non cubertas, en especial persoas maiores ou con falta de ingresos, que precisan da atención da Xunta de



Galicia para acadar unhas condicións de vida dignas, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrencia pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única destas características.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, contén con ingresos mínimos e non poidan afrontar o custo das prestacións que precisan.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de trinta mil euros (30.000€) para financiar as accións recollidas neste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

